

# CONCILIA SANXENXO 2020





# CONCILIA SANXENXO

Programa de conciliación para o verán 2020.

**AS RENUNCIAS DE FAMILIAS A PRAZAS CONCEDIDAS FAI QUE QUEDEN VACANTES POLO QUE SE ABRE UN PERIODO EXTRAORDINARIO DE SOLICITUDE.**

Dirixido a **NENOS E NENAS** nados entre o 2006 e o 2014.

**Do 15 de xullo ao 31 de agosto.**

PAVILLÓN DE BALTAR.

**Luns / venres de 8.00 a 14.30 h** (sen servizo de comedor). Entrada de 8.00 a 10.00 h / Saída de 13.00 a 14.30 h.

## REQUISITOS

- Nenos/as empadroados no municipio de Sanxenxo.
- Que os dous proxenitores/titores sexan traballadores por conta propia, por conta allea e/ou xustifiquen a contratación nos meses de xullo e agosto.
- No caso de nenos/as con diversidade funcional esta deberá permitirlles participar nas actividades co grupo.

## ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Segundo a puntuación obtida conforme ao seguinte baremo:

Solicitudes para os 1,5 meses da actividade	6 puntos
Solicitudes para un mes de actividade	3 puntos
Número de irmáns menores de 16 anos	1 punto por cada irmán

En caso de obter igual puntuación a adxudicación de praza será por orde de inscrición.

## COTAS

Familias nas que ámbolos dous proxenitores sexan traballadores por conta propia ou teñan un contrato de traballo cunha duración igual ou maior a 6 meses:

	15 xullo-31 agosto	1 mes
1º fillo/a	200 €	150 €
2º fillo/a	150 €	125 €
3º fillo/a	125 €	100 €

## DESCONTO

15 % de desconto ás familias nas que un dos proxenitores ou os dous teña contrato por unha duración inferior a 6 meses.



### **DEVOLUCIÓN DAS COTAS**

Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, o/a neno/a non pode asistir á actividade, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique documentalmente e polos seguintes motivos:

- Enfermidade, accidente ou outros (achegarse xustificante médico).
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (achegarse xustificación do motivo).

### **MATERIAL**

Diariamente os nenos/as deberán asistir con roupa cómoda e calzado deportivo.

A mochila e cada un dos alimentos que conforme a merenda diaria deberán estar identificados.

Os nenos/as participantes deberán levar o primeiro día da actividade nunha caixa de aproximadamente 30x40 cm con nome o seguinte:

- 1 muda completa
- Bikini ou bañador
- Gorra
- Chanclas
- Toalla de praia

Esta roupa quedará nas instalacións mentres o/a neno/a asista a actividade.

### **ASISTENCIA MÉDICA**

No caso de producirse algún accidente durante a actividade a asistencia sanitaria correrá a cargo do seguro do pai/nai/titor/a.

### **RECOLLIDA DOS NENOS/AS**

Na inscrición deberá indicarse as persoas autorizadas para a recollida dos nenos/as. Os casos de problemas legais de tutela ou doutro tipo que afecten á relación materno/paterno/filial deberán comunicarse e acreditar co documento legal pertinente.


### **MEDIDAS DE PREVENCIÓN FRENTE AO COVID-19**

Estableceranse grupos fixos e estancos de 10 nenos/as por monitor.

Garantirase o cumprimento do protocolo de seguridade e hixiene establecido velando pola seguridade da actividade. Será obrigatorio o uso de máscaras para os nenos/as (serán facilitadas polo Concello de Sanxenxo) e monitores e farase declaración de saúde diaria de cada participante á entrada das instalacións así como o control da temperatura si fose necesario.

O primeiro día da actividade deberase entregar unha declaración responsable dos proxenitores/titores (Anexo II) na que garantan que o neno/a durante os 14 días previos á entrada na actividade non sufriu nin tose, nin febre, nin cansazo e/ou falta de aire así como que non estivo en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.

Os/as pais/nais ou titores/as dos nenos/as participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que si algún presenta sintomatoloxía asociada (tose, febre, cansazo e/ou falta de aire) non acudirá a actividade e comunicará dito feito á Concellería de Educación e Cultura.



O Concello de Sanxenxo non se responsabiliza do estado de saúde da unidade familiar de convivencia aconsellando que os/as nenos/as que convivan con grupos de risco (diabetes, enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia e cancro en fase de tratamento, maiores de 70 anos...) non participen.

### **TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES EN PERÍODO EXTRAORDINARIO**

As solicitudes de inscrición faranse entre o **2 e 6 de xullo** no seguinte enlace:

**<https://bit.ly/prazoextraordinarioConciliaSanxenxo>**

Deberase facer unha solicitude para cada neno/a.

A comunicación de admitidos e non admitidos publicarase na páxina web do Concello de Sanxenxo ([www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)) o día 8 de xullo.

Ese mesmo día atenderanse as reclamacións no teléfono 986 727 936 entre as 9.00 e as 14.00 h.

Os admitidos deberán entregar a documentación que se sinala a continuación. Enviarse ao enderezo electrónico **[educacion@sanxenxo.org](mailto:educacion@sanxenxo.org)** ata o 10 de xullo ás 12.00 h ou entregarse de maneira presencial no Pazo Emilia Pardo Bazán os días 9 e 10 de xullo de 8.00 a 12.00 h.

- Copia do libro de familia.
- Copia da tarxeta sanitaria do neno/a.
- No caso de proxenitores traballadores por conta allea: certificado de empresa na que traballe no que se acredite que está efectivamente traballando, a súa xornada de traballo e a duración do contrato.
- No caso de proxenitores traballadores por conta propia: copia do último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou da correspondente mutualidade.
- Anexo I. Autorización para a recollida do/a neno/a.
- Xustificante de pago.

As persoas solicitantes autorizan expresamente ao Concello de Sanxenxo a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es).

### **EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES**

Motivos de exclusión:

- Renunciar á praza solicitándoo no enderezo electrónico: [educacion@sanxenxo.org](mailto:educacion@sanxenxo.org)
- Non presentar toda a documentación requirida.
- Falsear datos no formulario de solicitude de inscrición.